

ANUNCIO**ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 14.05.2024****APROBACIÓN MODIFICACIÓN PÚBLICO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024****Artigo 1. Obxecto.**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2024 nas seguintes modalidades:

- Minicampamento de aventura: para nados e nadas en 2013, 2014 e 2015.
- Campamento de Mar: para nados e nadas en 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

Minicampamento de aventura	130 €
Campamento de Mar	195 €

Artigo 4. Bonificacións.

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación	Prezo público sen bonificación	Prezo público bonificado
Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais	100%	A) 130,00 € B) 195,00 €	A) 0,00 € B) 0,00 €
*Condición de familia numerosa xeral	25%	A) 130,00 € B) 195,00 €	A) 97,50 € B) 146,25 €
*Condición de familia numerosa especial	40%	A) 130,00 € B) 195,00 €	A) 78,00 € B) 117,00 €

Para aplicar as bonificacións de familiar numerosa é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o séxtuplo do IPREM (tributación conxunta).

Artigo 5. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada polo/a proxenitor/a ou titor/a legal da persoa participante. Mediante a firma da solicitude de inscrición o debedor (proxenitor/a ou titor/a da persoa participante) autoriza:

1) Ao acredor (Concello de Vedra) a enviar instrucións á entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.

2) Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.

Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez finalizado o prazo de presentación de inscricións e previamente ao comezo do campamento.

Artigo 6. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado o campamento.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa maior: enfermidade ou outras análogas.

Artigo 7. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 15 de maio de 2024

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)